

# XVII CAMPUS POLIDEPORTIVO

A Fundación Vigo en Deporte pon en marcha a décimo sétima edición do Campus Polideportivo.

A finalidade do Campus é participar na práctica deportiva de mans das mellores entidades deportivas da cidade, dende a súa iniciación ata o seu perfeccionamento.

## DATAS E LUGAR

Do 27 de xuño ao 1 de xullo no Complexo Deportivo das Travesas.

## XORNADA

A xornada é de 9h a 18h de luns a venres.

## ACTIVIDADES

Baloncesto, balonmán, voleibol, fútbol sala, hóckey a patíns, baloncesto en cadeira de rodas, piscina, béisbol, rugby, bádminton, ciclismo e excursión ás Illas Cíes.

## PRAZAS E IDADE

Contamos con 200 prazas para nenos e nenas de entre 6 a 14 anos.

## PREZO DE INSCRICIÓN

O prezo é de setenta euros (70 €) por neno ou nena. Inclúe o xantar, unha pequena merenda a media mañá e seguro privado.

O pago faise en efectivo no momento da inscrición, xunto coa presentación cumprimentada da folla de inscrición ([www.vide.es](http://www.vide.es)).

Inscrición nas oficinas da Fundación VIDE ata cubrir as prazas, cun máximo de catro solicitudes por persoa.

## ENTIDADES DEPORTIVAS COLABORADORAS

Academia Octavio, R.C. Celta Baloncesto, C.D. Mosteiro Bembrive F.S., Vigo Voleibol, Xuvenil Teis, Traviesas HC, Amfiv, Halcones de Vigo, Vigo Rugby, Bádminton Rachaplumas e Ciclista Vigüés

## RECOMENDACIÓNS

Os nenos e nenas deberán vestir con calzado e roupa deportiva.

O primeiro día deberán presentarse como moi tarde ás 8.45h e traer: patíns, traxe e gorro de baño, toalla, chancletas e viseira ou gorro.



CONCELLO  
DE VIGO



PSA  
GROUPE